



rede de bibliotecas públicas de galicia

ANEXO II

ESTÁNDARES DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

1. PRESENTACIÓN

Para planificar estratexicamente as actuacións cara a optimizar os recursos o mellor posible, débese contar cos instrumentos básicos de planificación. No caso das bibliotecas públicas os instrumentos básicos de planificación son o censo, os estándares e o mapa. Son a base para garantir un despregue equilibrado no territorio das infraestruturas bibliotecarias e para poder garantir un acceso igualitario de todos os cidadáns ao servizo.

O censo límitase a relacionar os datos das bibliotecas, é como unha radiografía da situación bibliotecaria actual. Os estándares establecen os recursos mínimos que deben ter os equipamentos bibliotecarios do sistema de bibliotecas públicas. E o mapa permite establecer as necesidades de lectura pública de cada concello, a partir da comparación entre a situación actual das bibliotecas dun determinado territorio cos valores estipulados nos estándares.

Para a elaboración dos Estándares de bibliotecas de Galicia, tivéronse en consideración os instrumentos de planificación bibliotecaria de diferentes Administracións, pero cabe destacar os *Estándares de Biblioteca Pública de Catalunya*, como referente neste campo. Tamén a lexislación sectorial vixente e outros documentos como as Pautas sobre os servizos das bibliotecas públicas, as Directrices IFLA/UNESCO, as Pautas para o servizo de acceso a internet nas bibliotecas públicas e o documento de Sistemas Urbanos de Bibliotecas .

2. PROCESO DE ELABORACIÓN

O estudio da realidade sociodemográfica e da situación bibliotecaria de Galicia, xunto coa reflexión sobre o modelo de biblioteca pública que se pretende impulsar, son o punto de partida para a concepción dos *Estándares de Biblioteca Pública de Galicia*.

Os recursos distribuíronse tendo en conta que sexan por unha banda asumibles, e por outra suficientes para prestar un servizo de calidade. Partindo do modelo de biblioteca pública cara a o que se quere avanzar, e buscando atender a diversidade do territorio existente, e o diferente grao de desenvolvemento bibliotecario, establecéronse as seguintes categorías de recursos para estandarizar:

- Espazo
- Equipamento: PCs e puntos de lectura
- Fondo documental
- Persoal e horas semanais de servizos

Os tramos de poboación de referencia en que se subdividen os estándares establecéronse a partir da lexislación vixente e considerando unha distribución lóxica e equilibrada, segundo o número de concellos incluídos en cada un deles. Buscouse a uniformidade entre os diferentes tramos e que fosen útiles e prácticos de aplicar posteriormente.

Os tramos cos que se traballa son os que seguen:

2.000 habitantes

3.000 habitantes

5.000 habitantes

10.000 habitantes

20.000 habitantes

30.000 habitantes

50.000 habitantes

100.000 habitantes

200.000 habitantes

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, regula a estrutura da rede de bibliotecas públicas de Galicia que é recollida nestes estándares, do seguinte modo:

- Bibliotecas locais en poboacións de ata 20.000 habitantes
- Bibliotecas centrais municipais en poboacións de máis de 20.000 habitantes
- Bibliotecas de proximidade en redes urbanas con áreas de influencia que van desde os 10.000 hab. ata os 40.000 hab.
- Bibliotecas centrais territoriais, prestan servizos integrais ao territorio no que están asentadas sempre e cando este exceda dos límites dun municipio. A poboación obxecto de atención dependerá da delimitación do territorio.
- Servizos bibliotecarios móbiles

Os estándares utilizan a mesma denominación, tan só que non establecen parámetros para as bibliotecas centrais territoriais, xa que os seus recursos dependerán do nº de habitantes que atender. Segundo estes, se lles aplicaráselles os recursos adjudicados ás bibliotecas locais, centrais ou de proximidade. Tampouco se establecen estándares para os servizos móbiles, por non existir nestes momentos na nosa comunidade.

3. O ESPAZO

O edificio da biblioteca debe ser un espazo atractivo, acoledor e flexible, que responda

ás necesidades cambiantes dun público heteroxéneo. Debe reflectir a concepción da biblioteca como referente cultural do territorio e, aínda que debe responder a uns estándares comúns de lectura pública, debe adaptarse ás peculiaridades e necesidades do concello e da área de influencia da biblioteca.

A distribución e tamaño dos espazos bibliotecarios veñen condicionados polos cambios que se están a producir polo incremento do uso das TIC, e polas novas formas de produción e consumo de servizos bibliotecarios, o que nos leva a unha biblioteca como espazo social de encontro e centro de aprendizaxe aberto.

Considerando a evolución do modelo de biblioteca pública, os Estándares de Biblioteca Pública de Galicia establecen o dimensionamento e a distribución dos espazos das bibliotecas en catro grandes zonas funcionais

- **Zona de acollida e promoción**

Esta é a zona de acceso e acollida dos usuarios, onde tamén se poden situar os espazos destinados á promoción lectora e á formación, ademais de servir de espazo de apoio para determinadas actividades.

- **Zona xeral**

Destinada a maiores de 12-14 anos e dividida en tres áreas: a área de información e fondo xeral, a área de música e imaxe, e a área de hemeroteca. A distinción en diferentes áreas vén dada pola diferente tipoloxía documental.

- **Zona infantil**

Está destinada a facilitar unha colección que poida dar resposta ás necesidades de formación e ocio do público de ata os 12-14 anos. Deberá contar cun espazo destinado á promoción da lectura e á formación en habilidades informacionais.

- **Zona de traballo interno**

Abarca o espazo destinado á selección e recepción de fondos, de proceso técnico, as tarefas de administración e dirección, os depósitos documentais e almacén loxístico.

Os estándares establecen unha superficie mínima de 275 m² de programa para as bibliotecas dos concellos máis pequenos que se incrementa ata os 1.100 m² no caso dos concellos máis grandes cunha única biblioteca. A superficie de programa refírese á superficie totalmente aproveitable, excluindo por tanto os espazos de circulación. A superficie útil supón un incremento dun 15%, xa que inclúe as zonas de paso, os cuartos de instalacións, zonas de aseos etc. A superficie construída é un 30% máis da superficie de programa e inclúe o total da superficie, con tódolos elementos construtivos.

Distribución de espazos nas bibliotecas locais

	Concellos 2.000 hab.	Concellos 3.000 hab.	Concellos 5.000 hab.	Concellos 10.000 hab.	Concellos 20.000 hab.
Zona de acollida e promoción	70	85	145	165	215
Área de acceso	20	30	50	60	90
Espazo polivalente	40	45	60	60	80
Almacén do espazo polivalente	10	10	10	10	10
Espazo de formación			25	35	35
Zona xeral	140	175	220	390	600
Área de información e fondo xeral	100	125	160	290	460
Área de música e imaxe	15	20	20	35	50
Área de xornais e revistas	25	30	40	65	90
Zona infantil	45	60	80	125	190
Área de información e fondo infantil	45	60	80	125	190
Zona de traballo interno	20	30	55	70	95
Despacho de dirección			15	15	20
Espazo de traballo interno	20	30	40	45	65
Depósito documental					
Almacén loxístico					
Espazo de descanso do persoal				10	10
Superficie total de programa	275	350	500	750	1.100
Superficie total útil (+15%)	315	400	575	860	1.265
Superficie total construída (+30%)	360	455	650	975	1.430

Respecto ás redes urbanas, o edificio da biblioteca central debe dispor dunha superficie mínima de 1.500 m² (concellos de 30.000 habitantes con máis dunha biblioteca). Esta superficie mínima aumenta en proporción á poboación do municipio e as necesidades de espazo dos servizos e do fondo documental.

Distribución de espazos nas bibliotecas centrais de redes urbanas

	Concellos 30.000 hab.	Concellos 50.000 hab.	Concellos 100.000 hab.	Concellos 200.000 hab.
Zona de acollida e promoción	295	380	455	550
Área de acceso	110	150	175	220
Espazo polivalente	100	120	150	180
Almacén do espazo polivalente	10	20	20	20
Espazos de apoio	25	40	60	80
Espazo de formación	50	50	50	50
Zona xeral	800	1.060	1.375	2.295
Área de información e fondo xeral	630	840	1.090	1.900
Área de música e imaxe	60	90	120	175
Área de xornais e revistas	110	130	165	220
Zona infantil	290	390	440	700
Área de información e fondo infantil	240	300	340	570
Espazo de apoio		30	30	30
Espazo de actividades	50	60	70	100
Zona de traballo interno	115	170	230	355
Despacho de dirección	20	20	20	20
Sala de reunións			25	25
Espazo de traballo interno	30	50	70	120
Depósito documental	40	60	75	140
Almacén loxístico	10	20	20	25
Espazo de descanso do persoal	15	20	20	25
Superficie total de programa	1.500	2.000	2.500	3.900
Superficie total útil (+15%)	1.725	2.300	2.875	4.485
Superficie total construída (+30%)	1.950	2.600	3.250	5.070

Para as bibliotecas de proximidade os Estándares formulan a superficie mínima do equipamento segundo a poboación da súa área de influencia. Esta superficie vai desde os 500 m² de programa para unha área de 10.000 habitantes ata os 1.100 m² para un área de 40.000 habitantes.

Distribución de espazos nas bibliotecas de proximidade de redes urbanas

	Área de influencia 10.000 hab.	Área de influencia 20.000 hab.	Área de influencia 30.000 hab.	Área de influencia 40.000 hab.
Superficie total de programa	500	750	950	1.100
Superficie total útil (+15%)	575	860	1.090	1.265
Superficie total construída (+30%)	650	975	1.235	1.430

4. PUNTOS DE LECTURA E PC,S

A prestación dos servizos vai ligada á un equipamento que satisfaga as necesidades dos usuarios, que debe incluír a incorporación das tecnoloxías emerxentes da información e da comunicación, para facilitar o acceso á información de forma igualitaria e contribuír deste xeito a impedir a exclusión dixital. Os Estándares concretan o número mínimo e a distribución dos puntos de lectura e dos puntos de acceso informático públicos que se considera que lles deben ofrecer as bibliotecas ás persoas usuarias.

Coa aplicación dos Estándares, as bibliotecas máis pequenas deberán dispoñer dun mínimo de 7 puntos de acceso informático e 20 puntos de lectura —ademais dos correspondentes ao espazo polivalente—. Nos municipios de máis de 5.000 habitantes os puntos de acceso informático incrementáanse de forma importante, ao sumarlles os correspondentes ao espazo de formación.

Equipamento das bibliotecas locais

	Concellos 2.000 hab.	Concellos 3.000 hab.	Concellos 5.000 hab.	Concellos 10.000 hab.	Concellos 20.000 hab.
Puntos públicos de acceso informático	7	8	16	20	25
Opac	1	1	2	3	4
Acceso internet ad			4	4	7
Acceso internet infantil		1	2	3	4
Formación			8	10	10
Acceso internet + formación	6	6			
Puntos de lectura	20	22	40	75	110
Hemeroteca	6	6	10	16	26
Adultos	8	10	20	34	54
Infantil	4	6	10	20	22
Audición e visionado	2 sistema portatil	4 sistema portatil	4	5	8
Espazo polivalente	30	30	40	40	60
Espazo de formación			8	10	10

No caso das redes urbanas, para propiciar unha maior flexibilidade no xeito de organizar os servizos das bibliotecas de proximidade, só se ofrecen os datos relativos ás bibliotecas centrais. O número mínimo de puntos públicos de acceso informático e de puntos de lectura nas bibliotecas centrais será de 35 e 130 respectivamente para os concellos de 30.000 habitantes, que deberán incrementarse a medida que aumente a poboación do concello.

Equipamento das bibliotecas centrais de redes urbanas

	Concellos 30.000 hab.	Concellos 50.000 hab.	Concellos 100.000 hab.	Concellos 200.000 hab.
Puntos públicos de acceso informático	35	40	45	50
Opac	4	4	6	7
Acceso internet ad	10	12	14	16
Acceso internet infantil	6	9	10	12
Formación	15	15	15	15
Puntos de lectura	130	150	200	280
Hemeroteca	26	30	40	46
Adultos	64	80	110	180
Infantil	30	30	40	50
Audición e visionado	10	10	10	14
Espazo de actividades	85	95	110	125
Espazo de formación	15	15	15	15
Espazos de apoio (acollida e promoción)	12	20	30	40
Espazos de apoio (infantil)		15	15	15
Espazo de actividades	35	40	45	65

5. FONDO DOCUMENTAL

As *Directrices IFLA / UNESCO para o desenvolvemento das bibliotecas públicas* establecen unha ratio municipal de entre 2 e 2,5 documentos por habitante, segundo a poboación do municipio.

O fondo documental, ou colección, é fundamental para a consecución dos obxectivos que persegue a biblioteca e debe darlle servizo a un amplo e diverso rango de demandas e intereses; é unha entidade viva, o que implica que non podemos quedar nas dimensións da colección, senón que se debe analizar a súa calidade e idoneidade, e o seu índice de renovación.

É necesario relativizar a importancia dos aspectos cuantitativos das coleccións en favor da súa accesibilidade, actualidade e adecuación. Aínda así, coa vontade de mellorar a

situación actual e aproximarnos ao que establecen as Directrices, os Estándares de Biblioteca Pública de Galicia marcan unhas pautas cuantitativas básicas que dimensionan a colección a nivel municipal: fíxanse cinco ratios en función da poboación do concello, tendo en conta que esta ratio aumenta proporcionalmente a medida que diminúe o número de habitantes, para asegurar así un acceso igualitario á información.

Ratio municipal de documentos de libre acceso por habitante

Concellos 2.000 hab.	Concellos 3.000 hab.	Concellos 5.000 hab.	Concellos 10.000 hab.	Concellos 20.000 hab.	Concellos 30.000 hab.	Concellos 50.000 hab.	Concellos 100.000 hab.	Concellos 200.000 hab.
2,5	2	1,75		1,5				1,25

Os Estándares recollen tamén unha proposta de distribución do fondo nas bibliotecas, tendo en conta o fondo infantil e de adultos. A colección preséntase repartida en tres grandes bloques: coñecementos, ficción e música e imaxe.

Distribución do fondo nas bibliotecas locais

	Concellos 2.000 hab.	Concellos 3.000 hab.	Concellos 5.000 hab.	Concellos 10.000 hab.	Concellos 20.000 hab.
Fondo Xeral	3.750	5.600	7.800	13.700	24.000
Coñecementos	1.850	2.800	4.300	7.500	13.200
Ficción	950	1.400	2.000	3.500	6.000
Música e imaxe	950	1.400	1.500	2.700	4.800
Fondo Infantil	1.250	1.900	2.200	3.800	6.000
Coñecementos	450	650	800	1.350	2.100
Ficción	550	900	1.000	1.800	3.000
Música e imaxe	0	350	400	650	900
Fondo total	5.000	7.500	10.000	17.500	30.000
Títulos de xornais e revistas	45	60	75	90	120

Distribución do fondo nas bibliotecas centrais de redes urbanas

	Concellos 30.000 hab.	Concellos 50.000 hab.	Concellos 100.000 hab.	Concellos 200.000 hab.
Fondo Xeral	28.000	41.000	58.800	100.800
Coñecementos	15.400	22.550	34.000	58.500
Ficción	7.000	10.250	14.000	24.200
Música e imaxe	5.600	8.200	10.800	18.100
Fondo Infantil	7.000	9.000	11.200	19.200
Coñecementos	2.500	3.400	4.400	7.900
Ficción	3.500	4.500	5.600	9.600
Música e imaxe	1.000	1.100	1.200	1.700
Fondo total	35.000	50.000	70.000	120.000
Títulos de xornais e revistas	140	180	200	260

No caso das redes urbanas, o fondo total repártese do seguinte modo:

As bibliotecas centrais de redes urbanas terán a porcentaxe máis elevada do total da colección, con como mínimo o dobre que a biblioteca de proximidade máis cercana.

As bibliotecas de proximidade concretarán as dimensións das súas coleccións en función da súa área de influencia e do peso específico que cada unha delas teña no conxunto da rede. A distribución dos fondos nas diferentes materias e soportes, realizarase tendo en conta as necesidades da área de influencia.

Distribución do fondo nas bibliotecas de proximidade de redes urbanas

	Área de influencia 10.000 hab.	Área de influencia 20.000 hab.	Área de influencia 30.000 hab.	Área de influencia 40.000 hab.
Fondo total	10.000	17.500	25.000	30.000

No caso de novos equipamentos o fondo inicial debe representar polo menos o 50% do fondo que debe acadar. En caso de poboacións máis pequenas, non será inferior a 4.000 documentos, para poder ofrecer unha colección de calidade.

Cando a biblioteca alcanza o fondo considerado óptimo, debe procurar incorporar novos materiais e expurgar o material obsoleto, buscando sempre a actualización da colección, aproximadamente un 10% de renovación anual, e adaptándose ao crecemento de poboación co incremento de fondo documental necesario.

6. RECURSOS HUMANOS E HORARIO

O persoal é o factor clave para o éxito da biblioteca, e máis no novo modelo de biblioteca pública que ten que ser capaz de traballar en coordinación co seu contorno e con outros axentes sociais, culturais e económicos da súa comunidade, intentando atraer a atención por parte dos cidadáns e adaptándose constantemente ás súas novas necesidades. O éxito dos servizos prestados dependerá en gran medida da súa formación permanente, da súa motivación e tamén dun axeitado dimensionamento.

Os cadros de persoal das bibliotecas públicas deben estar formadas por:

- **Persoal técnico bibliotecario**

Os bibliotecarios desenvolven e implantan as políticas e servizos dirixidos a satisfacer as necesidades dos seus usuarios e as dos servizos de información á comunidade (desenvolvemento da colección, organización dos recursos, a orientación e asistencia ás persoas usuarias na recuperación da información etc.). O persoal directivo céntrase tamén no relativo á xestión dos recursos, na elaboración de plans e normas, no

seguimento da súa aplicación, así como na dirección e coordinación de equipos de traballo.

O persoal técnico bibliotecario disporá de formación académica, con coñecementos en Biblioteconomía e ou Documentación. Na Administración Pública son os grupos A1 e A2.

- **Persoal auxiliar de biblioteca**

Os técnicos auxiliares de biblioteca colaboran co persoal bibliotecario na provisión de servizos e o complementa. Se o traballo do persoal bibliotecario corresponde á dirección, orientación, formulación, coordinación e aplicación da política bibliotecaria, o traballo do persoal auxiliar corresponde á execución.

Entendemos por persoal auxiliar de biblioteca o que se atopa no grupo C1 e C2 da Administración pública. Terán titulación en bacharelato ou técnico equivalente e formación específica en bibliotecas.

- **Persoal axudante de servizo, subalterno ou de apoio**

Os axudantes de servizo colaboran no funcionamento da biblioteca. Realizan tarefas básicas relacionadas cos servizos bibliotecarios. A súa categoría laboral atópase no grupo E da Administración Pública.

- **Persoal especializado**

Nas redes urbanas, ademais do persoal propio das bibliotecas, deberá considerarse a contratación dun persoal que asista á globalidade da rede. Este poderá estar formado por persoal bibliotecario e auxiliar itinerante, e por profesionais doutras ramas, como informáticos, administrativos, educadores sociais, xestores de recursos humanos etc.

O número de persoal necesario para xestionar a biblioteca depende de forma directa do tamaño da biblioteca, o horario de atención ao público e a poboación da área de influencia da biblioteca. Os estándares establecen o horario mínimo de horas semanais de servizo e o número e categoría laboral das persoas que deben formar o equipo de traballo.

O persoal das bibliotecas locais estará formado por entre unha e sete persoas para atender un horario de apertura de entre 20 e 35 horas semanais. Todas as bibliotecas locais dos concellos de máis de 5.000 habitantes deben contar con persoal técnico bibliotecario.

Persoal e horario das bibliotecas locais

	Concellos 2.000 hab.	Concellos 3.000 hab.	Concellos 5.000 hab.	Concellos 10.000 hab.	Concellos 20.000 hab.
Persoal total	1-2	1-2	2-3	4-5	5-7
Director bibliotecario		0-1	1	1	1
Bibliotecarios					0-1
Director técnico auxiliar	1	0-1			
Técnicos auxiliares	0-1	1	1-2	3	4
Axudantes de servizo				0-1	0-1
Horas semanais de servizo	20	20	25	30	35

Nas bibliotecas centrais das redes urbanas o horario de atención ao público incrementábase ata as 55 horas semanais e os cadros de persoal poderán chegar a estar formadas ata por 20 profesionais nas cidades máis grandes.

Persoal e horario das bibliotecas centrais de redes urbanas

	Concellos 30.000 hab.	Concellos 50.000 hab.	Concellos 100.000 hab.	Concellos 200.000 hab.
Persoal total	7-9	10-12	13-16	17-20
Director bibliotecario	1	1	1	1
Subdirector bibliotecario		0-1	0-1	1
Bibliotecarios	1	2	2-3	3-4
Técnicos auxiliares	4-6	6-8	8-9	9-11
Técnico auxiliar administrativo				
Axudantes de servizo	1	1	2	2
Horas semanais de servizo	40	40	45	55

As bibliotecas de proximidade disporán dun horario e uns recursos humanos similares ás bibliotecas locais, acordes coa superficie do edificio e o resto de recursos a xestionar.

Persoal e horario das bibliotecas de proximidade de redes urbanas

	Área de influencia 10.000 hab.	Área de influencia 20.000 hab.	Área de influencia 30.000 hab.	Área de influencia 40.000 hab.
Persoal total	3	4-5	5-6	6-7
Director bibliotecario	1	1	1	1
Bibliotecarios				0-1
Técnicos auxiliares	2	3	3-4	4
Axudantes de servizo		0-1	1	1
Horas semanais de servizo	25	30	30	35

7. CONCLUSIONES

Unha vez os Estándares sexan aprobados pola Consellería de Cultura, o seguinte paso para tomar é a elaboración do Mapa de lectura pública de Galicia e impulsar plans municipais ou territoriais de bibliotecas.

O Mapa, creado a partir do contraste entre a situación bibliotecaria actual e a que correspondería segundo a aplicación dos Estándares, é o marco de referencia básico das actuacións das administracións públicas responsables da prestación do servizo bibliotecario xa que permite coñecer a realidade bibliotecaria do territorio, detectar os déficits bibliotecarios e establecer as necesidades da lectura pública de cada concello. A partir dos resultados obtidos será necesario establecer unha política de actuación que promova a execución de accións que permitan a mellora paulatina da situación bibliotecaria actual e a aproximación á situación ideal formulada polos Estándares e o Mapa. Para completar o proceso, é conveniente realizar plans municipais de bibliotecas que vaian un paso máis alá do Mapa recollendo a casuística de cada municipio para adaptar e dimensionar mellor os recursos ás características do territorio.

Considerando a realidade sociodemográfica de Galicia e a distribución da súa poboación no territorio, será necesario tamén establecer unha política específica que permita, por unha banda, acercar o servizo bibliotecario aos concellos máis pequenos e aos núcleos rurais disgregados e, por outra, promover a unión ou colaboración dos concellos, sobre todo dos máis pequenos, co obxecto de compartir recursos e, así, acadar unha maior eficiencia e eficacia. Esta colaboración deberá quedar reflectida na redacción de plans territoriais de bibliotecas.

Sen dúbida queda un longo camiño por percorrer e non exento de dificultades, pero non cabe dúbida de que estes estándares deben significar un paso importante para a mellora substancial do servizo de biblioteca pública de Galicia.